



zero pedrolo



Samuel L. Paris  
zero pedrolo  
<http://pararaparis.wordpress.com>

presentatione

- a) algunhas persoas propuxeron títulos para poemas nas súas contas de twitter<sup>1</sup> e instagram<sup>2</sup>
- b) para cada título proposto, escribiuse un poema
- c) é sinxelo, se o pensas

---

<sup>1</sup> Twitter é un servizo de microblogging creado en California, aínda que agora mesmo está baixo a xurisdición de Delaware.

<sup>2</sup> Instagram é o portal de pornografía mental máis coñecido no mundo.

zero pedrolo



## El hormiguero

mentres ti insistías en que Carole Baskin botara o marido aos tigres  
eu xa cargara o maleteiro de Molen Bier

e ti veña con que  
temos as alfombras do coche cheas de formigas, meu amigo

e eu  
se viches o meu capachiño de garimbas  
por quen eu suspiro  
e, ai deus, que as beberei cedo

e ti dálle con que  
me suben las formigas por las canillas  
cuando te miro y no me miras

e eu  
pois iso tampouco o quita a aspirina

e ti conclúes  
ao grande cun  
mellor non mesturemos asuntos

## Lâmpada

A túa nai é chiculture  
O teu pai chicultureiro  
A túa nai desinfecta as cazolas  
O teu pai desinfecta os pucheiros

*Turn off the light, Marica (turn!-turn!)*



## Lista de la compra

Eu sei que o corredor dos conxelados  
aínda non faleceu e continúa vivo,  
co vidro do expositor abafado  
e a exultante versión de marca branca que fixeron da Romántica de Frigo.

Eu sei que o corredor das conservas  
aínda non finou e continúa vivo,  
coas zamburiñas en prebe de vieira negándose intransitivas.

Eu sei que o corredor dos lácteos  
aínda non pereceu e continúa dálle que dálle,  
co kefir desatendido como octoxenario confinado.

Eu sei que o corredor das celulosas  
aínda non morreu e continúa erre que erre,  
co papel hixiénico...  
    ai...  
    o papel hixiénico...

—Cariño, ti non cres que eu sería un bo cachalote?<sup>3</sup>

---

<sup>3</sup> Pregunta realizada polo poeta á súa parella durante o confinamento de 2020.

ALTERNADOR DE DISCOS

Revista Especializada en Análise da Cousa Musical

Núm. 1.

Ano 2020

Prezo: de balde

Fotografía da capa

Cantante con clara empanada mental e cigarro en aspiración metido nun bocoi.

Artigo principal

10 discos para non cortarte as bólas co coitelo de untar durante o confinamento.

Listaxe de discos do artigo principal

1. Rosalía de Castro e os Furabolos do Catastro, “Albóndegas, para que vos quero?”.
2. Javier Irureta e os que Mollan a Palleta, “Trivote de maderos”.
3. Jesús Palmou e os que Falan ao Chou, “Nunca choveu que non que si que eu que sei”.
4. Romay Beccaría e os Astros da Abadía, “Señor, ten piedad... y farlopa”.
5. Amancio Ortega e os Comisarios da Bodega, “Nin pés nin cabeza de Turkoglu”.
6. Ana Pontón e os Últimos do Pelotón, “Sexo, drogas e retroescavadoras”.
7. Corina Porro e as que Beben a Morro, “Blancón en la cena familiar”.
8. María Pita e os que Piden Guita, “Ante todo esto, me voy”.
9. Roberto Vilar e as Violadoras do Caviar, “O enigma do sapoconcho que se puxo farruco cando lle explicaches que non chorabas con calquera merda que botasen na tele”.
10. Carvalho Calero e as que Merendan Mero, “Cadaleito de Espinacas Pochas”.

—...

—Mira, Courtn... Eras Courtney, non? De nome, digo. Eras Courtney ti?

—...

—LaPlante, Courtney Laplante. Ok. Mira, o que che estaba comentando... que agora non podería ser, pero ao mellor en dez, quince minutos tedes unha mesiña libre, que hai unha familia xa coa sobremesa e non han tard...

—...

—Sí, si, claro. Apúntoche aquí.

—...

—A nome da banda? Vale. Como sería?

—...

—Como?

—...

—Ño! De verdade? Porque, mira ti que casualidade, que a min mordeume un oso cando era pequeno. Bueno, cando era pequeno eu e tamén o oso. Sí, era un oso pequeno, dos que viñan co circo. Baixaramos a Muros a ver os animais pola tarde ata a carpa, porque os teñen alí todos amolidados en gaiolas para que poidas ir velos pola tarde, antes da función. E nada, que fomos e había un oso pequeno que non estaba nunha gaiola, tiñano encadeado á gaiola dun oso máis grande, un oso xa oso-osu. E fun acariñarlle a cabeza porque parecía moi tranquiliño e tal, pero, segundo me acheguei a pousarlle a man, o cabrón traboume. Aínda ben que non me enganhou, que foi limpa, porque... Aínda safei. Pois si, mira que casualidade que xusto vós vos chamed...

—...

—Sí, uns dez minutos e xa vos podedes sentar. Queda apuntado.

—...

—Nada. A vós. Ata agora.

## Cuspir azucre

*“Lay me down, I want to feel the pressure.  
We both know this ain’t just for pleasure.  
You make me want to be better,  
you’re a fucking treasure”.*

(The Orchard Keepers)

Eu cuspirazucre cando cadre  
Ti cuspirazucre non me aqueles  
El/ela cuspirazucre xa tal (ou que?)  
Nós cuspirazucre o que aprendemos coa baba esquecémolo coa barba  
Vós cuspirazucre recollede a mesa facede a cama poñede para a festa  
Eles/elas cuspirazucre a tal hora porque contas non son contos

El que frite una xouba  
para no paparla con tripas y todo  
es un parguela.

PERSONAXES

Poeta            Poeta galego de 35 anos de idade, defensa central en paro biolóxico e, posiblemente, un magnífico cachalote.

Estómago        Estómago do poeta galego de 35 anos de idade.

ACTO 1

ESCENA 1

POETA

Pois eu como as xoubas con tripa.

ESTÓMAGO

Que che fixen eu, ghelipollas?

FIN

meu pai tiña no choio un compañeiro  
ao que unha clienta colombiana se refería sempre como  
INGRATO

iso non cho explican na facultade



## Sobrevivín a Chema Paz Gago

Quen sobreviviu a un deses  
PÁSATE POR MI DESPACHO  
viu a mar toda.

O tempo está do noso lado.

O espazo está do noso lado.

E crearemos un confín  
de autobuses inzados de cascas de pipa.

Aínda que non fose difícil  
intuír o cranio de Marco Antonio Muñiz na súa mirada morta,  
aínda que coas mans grises e nulas  
recreásemos, inertes, melodías ás súas costas  
e a lava escorrese polas olleiras do seu caletre,  
imponse unha tristeza máis fonda  
que a broca máis fonda na perforación máis inhumana.  
Mergullado, como somerxido, no po dos seus ósos,  
buscar lixo remexendo nas súas pálpebras baleiras  
achega o balor necesario ás miñas enxivas  
para cuspir morte sobre a súa lenda.

## Ukelele

Euu sun u ke lele us librus  
Eu suun ukelele us librus / us puemas  
Euu sun u ke keke us librus / us puemas / us facturas du lus

—*Vale. Necesitaria falar cun adulto.*

Vaites

Tal nai, tal fillo fai,  
Norman Vaites.

My name is Giovanni Giorgio,  
but everybody calls me Giorgio.

My name is Galician Poetry,  
but everybody calls me School Name Generator.

My name is Sancristán de Coimbra,  
but everybody calls me A Causa do meu Desdén.

My name is Licor de Café Ruavieja,  
but everybody calls me Timo.

My name is Xosé Luis Rivas Cruz,  
but everybody calls me Mini.

My name is Spanish Democracy,  
but everybody calls me Hihi-haha.

My name is Eneko Bóveda,  
but everybody calls me Boneko.

My name is Juan Aguirre,  
but everybody calls me O do Gorro de Amaral.

My name is Norwegian fjords,  
but everybody calls me Rías Baixas.

My name is Esquerda Parlamentaria,  
but everybody calls me Familia Iscariote.

My name is Dhalsim,  
but everybody calls me Xustiza.

My name is Albert Rivera,  
but everybody calls me Sesenta Euros.

My name is Nacionalista,  
but everybody calls me Pelma.

My name is José Emilia Amavisca,  
but everybody calls me El Puñal de Laredo.

My name is Albóndegas,  
but everybody calls me Hòstia Pilotes.

My name is Zona Vella de Compostela,  
but everybody calls me Niño de Ratas.

My name is Samuel L. París,  
but nobody calls me when I'm down.

Acháschesme deste mundo deitada  
no meu humilde e inquebrantable niño  
esquivando, inútil, o teu cariño  
cando quería estar estomballada.

Bobada, memorable, e gran detalle  
lembrarme a pila por lavar de pratos  
que na pileta pregan inmediatos  
coidados desas luvas do meu talle.

Que sei que houbo un tempo no que, botada  
na cama e face oculta na almofada,  
escoitei os teus micos entusiasmada;

mais os tempos de acougar son chegados,  
de esquecer espertar acomposados  
e durmir ata os mañás liberados.

## Milagres, a Caión

Se cambias o verso “But a bitch ain't one”  
por “As Milagres, a Caión”  
cada vez o que solta JAY-Z na canción “99 Problems”,  
o tema mellora como Comtessa con Licor<sup>4</sup>.

---

<sup>4</sup> Fai a proba: <https://www.youtube.com/watch?v=31GjRnXfUjo>



Folga indefinida<sup>5</sup>

---

<sup>5</sup> Escribir este poema sería de putos esquiros y, mira, chico, yo ya es que...

## A vida é dura como o tallo da verdura

A través do río máis escuro,  
baixo árbores negras sen follas,  
este soño está aniquilándose.

(Esperta-Esperta-Esperta)

No inverno máis frío,  
no entredentro de luces débiles,  
sinto que estou caendo nun ceo xeadado.

(Esperta-Esperta-Esperta)

Alén do alén máis negro,  
sobre estrelas miserentas,  
vexo como estalo nun milleiro de fragmentos.

(Esperta-Esperta-Esperta)

Mais na hora máis difícil,  
debaixo dos agoiros máis crueis,  
sei que estou espertado desta mentira.

(Esperta-Esperta-Pospoñer 5 minutos)

Ah! Coño! Acabáramos!

—Galiza Ceibe!

—Ceibe de que?

—...

—É que o problema non é ata onde movas os marcos. O problema é quen queda dentro da finca contigo.

CANCIÓN 1

(Letra: Crisis Perrotini / Música: Crisis Perrotini)

LETRA

(Autor: Crisis Perrotini)

Ma la que tremendo viro / tremendo viro  
Ma la chouini tremendo viro / tremanda la carona

Caronaviro / Caronaviro

Emprestacce le mascarillo papini / mascarillo papini  
Emprestaccone le bianco mascarillo papini / mascarillo papini

Caronaviro / Caronaviro

MÚSICA

(Autor: Crisis Perrotini)

Tariro-tariro.

## Teletrebellar

que nos deron gato por telebre  
e corrimos como alma que teleleva o demo  
e oxalá o demo nos teleleve en telexítima defensa  
sempre que non nos teleleve a corrente  
para telelevantar o voo  
e finxirnos teleletras capitais  
no teleleste do teledenzo

cando barry lyndon gañou un peso  
era fácil previr o desastre

hai xente á que lle queiman os cartos na man

—*Xa está? Ese é poema? Herniácheste, eh!*  
—*Hai xente que nunca está contenta.*  
—*Eso mismo dijo Jesús*<sup>6</sup>.

---

<sup>6</sup> E, con este última referencia aos Monty Python, metín nun texto as dúas únicas cousas que pagan a pena desas illas.

## Croquetas e cervexa

Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Cro-que-tas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa hoxe!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa!  
Croquetas e cervexa hoxe!<sup>7</sup>

---

<sup>7</sup> Este poema vai de croquetas e cervexas ou algo así. É o tema que trata. Arredor diso. Englobando esas características.

Google

10 cosas de jesucristo que no sabias


Q Todo Vídeos Imágenes Noticias Maps Más Configuración Herramientas

Aproximadamente 13.000.000 resultados (0,51 segundos)

**10 cosas que probablemente no sabías sobre Jesucristo**

- Jesús realmente existió Muchos investigadores y científicos han dado prueba de ello. ...
- Fisonomía. ...
- No lo **sabía** todo. ...
- Jesús amaba a todo el mundo. ...
- No nació el 25 de diciembre. ...
- Los reyes magos no estaban presente en el nacimiento. ...
- Estrella de Belén. ...
- Nazaret era una pequeña ciudad menospreciada.

Más elementos... • 24 dic. 2019



1. Si, fixen esa búsqueda en Google.
2. “No lo sabía todo”. Xa fodería que soubese que o Dépor ía fichar o tronco de Djorovic.
3. Este post publicárono a noiteboa de 2019. Xogando a amarrar.
4. Amaba a todo o mundo. Non lle facía falta que fosen as 6:00 en Ruta.
5. Nazaret era Ferrol.



Queixo con mel

bícame desde a sobremesa  
ata que o himno nacional  
sexa a música dos cochitos

🔍 pelo enquistado

🔍 pelo enquistado **pube**

🔍 pelo enquistado **perna**

🔍 pelo enquistado **operación**

🔍 pelo enquistado **crema**

🔍 pelo enquistado **non fai prisioneiros**

🔍 pelo enquistado **non fai favores**

🔍 pelo enquistado **sínteo moito pero é indiferente ás túas merdas**

🔍 pelo enquistado **nunca dixo que o fose facer ben só por ti**

🔍 pelo enquistado **non gusta de ninguén**

🔍 pelo enquistado **só gusta de beber e pelexar**

🔍 pelo enquistado **comprende que todo é cuestión de opinión**

*“Oh, here, kitty kitty.  
You can't find this taste in the zoo”*

(Joe Exotic)

Á sombra da gaiola, triste Joe Exotic,  
ou preto do chopped caducado,  
quérote despedir  
como quen deixa os seus discos country no inorgánico.  
Ai, o teu beche, promesa inconclusa,  
ai, a túa gorra, escondite inexpugnable.

(Está claro que)  
Non es dos que comprenden  
a violencia no corazón do sistema.  
Es dos que comprobán  
que a negrura dos corazóns alleos son morte certa,  
son demos escorrendo, felinos, polo teu lombo,  
son o caldeiro derradeiro.

A paixón ao pé dos tigres,  
o amor ao pé dos ligres,  
o fodido entusiasmo sen alicercers ao pé dos leopardos.

A arte de esquecer, Joe.  
Esquecer é ser libre.  
Aí reside a maxia.

Danse clases de calor  
por licenciados en autobuses repletos.  
Coñecementos sobre chiles,  
deda pequena contra esquina da mesa e doutoramento  
en pachanga en xullo ás catro da tarde. Prezo asumible.  
Proximidade de oposicións a arrimar o corpo  
contra o corpo alleo.  
Canda a matrícula entréganse tizóns e ascuas prendidas.  
Doce horas semanais. Compatibilidade de horarios.

Temas sobre:

- Historia Xeral da Calor.
- Quecer Erótico e Administración Pública.
- Xestión de Temperatura da Cacha en Entreguerras.
- Concatenación de Bochornos na Pubertude.
- Queimar, cocer ou abrasar. Dilema Político durante o Coito.
- Teoría do Desxeo no Embigo do Amante.
- Ximnasia.

NON AGARDES MÁIS  
VEN RESERVAR A TÚA PRAZA  
SAMUEL L. PARÍS ACADEMY

POPULAR

Esas cachiñas, esas cachiñas  
Ailalelo! Ailalalo!  
Esas cachiñas, esas cachiñas  
Ailalelo! Ailalalo!  
Heinas papare, heinas papare  
aunque esteñan cubertas de fariña.

## Ven, devórame outra vez

No tempo aquel  
cando paseabamos libres,  
dicir “devórame outra vez” xa era triste,  
dicir “ven, devórame outra vez” era como un río de mexo,  
dicir “ven”,  
dicir “castígame con tus deseos”,  
era igual que nomear o inferno.  
Ninguén sabía do amor.  
Cando Azúcar Moreno cantaban,  
os homes berraban día e noite  
gaivotas negras e pombas negras.  
Dicir “que la boca me sabe a tu cuerpo” entendíase demasiado ben,  
dicir “mi amor lo guardé para ti” non estaba prohibido,  
dicir “Salazar” era a palabra que máis pesaba  
ao pronunciala diante do palco da festa e mancaba  
o corazón da xente.

Cando,  
cando se perdeu este gran Reino,  
Toñi?

- Que mala cara me traes!
- Non houbo chance... crucei o camiño polo que marcharon todos os traidores e aínda...
- E aínda non sabes por que non marchaches con eles, verdade?
- Verdade.
- Pois agora vas quedar coas ganas.

*Tiña figas por pupilas.*

*Sóache?*

*Claro que non.*